



- | |
|----------------------|
| 1. ACERTADAS_____ |
| 2. ERRADAS_____ |
| 3. SEN RESPOSTA_____ |

CUALIFICACIÓN

1 - 2 =

NON POÑER NOME NIN APELIDOS. INCLUIR O EXAME NO SOBRE ADXUNTO E PECHALO.

-INSTRUCCIÓN PARA CONTESTAR O TEST:

1. Co obxecto de garantir o anonimato eliminaranse os exames que conteñan calquera dato que permita a identificación do/a aspirante. (Nome e apelido, sinatura...etc)
2. O tempo de realización é de **60 MINUTOS**.
3. Sinalar a opción que estime correcta (soamente unha) entre as que se propoñen cun círculo á esquerda da pregunta e con bolígrafo azul.
4. Se despois de marcar unha resposta e antes de acabar o exercicio decide cambiala, deberá marcar claramente a opción definitiva xa que, en caso de dúbida, considerarase contestada erróneamente.
5. Cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.
6. Para superar o exercicio deberá conseguir un mínimo de **5 puntos**.
7. As cualificacións publicaranse na páxina web (www.redondela.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

1.- A plataforma de préstamo de obras en formato electrónico das bibliotecas públicas galegas recibe o nome de:

- a) E-biblio
- b) Ler conta Moito
- c) Galicia Le

2.- A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia:

- a) É un conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública, segundo o establecido na lei 5/2012 do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia
- b) É un conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública, segundo o establecido no Decreto 41/2001, do 1 de febreiro de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- c) É un conxunto organizado de bibliotecas e servizos bibliotecarios públicos de Galicia para o desenvolvemento e a planificación da oferta bibliotecaria pública, segundo o establecido na Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e a lectura de Galicia



3.- O catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia está formado:

- a) Polos fondos das bibliotecas públicas e especializadas xestionadas pola Xunta de Galicia e dunha parte das bibliotecas públicas municipais da rede
- b) Polos fondos das bibliotecas públicas e especializadas xestionadas pola Xunta de Galicia e por todas as bibliotecas públicas municipais da rede
- c) Polos fondos das bibliotecas públicas e especializadas xestionadas pola Xunta de Galicia

4.- Como se chama o inventario dos fondos bibliográficos que existen nunha biblioteca?

- a) Bibliografía
- b) Repertorio bibliográfico
- c) Catálogo

5.- En que redes sociais están presentes as Bibliotecas Municipais de Redondela?

- a) Facebook, Google+, Youtube, Instagram, Flickr, Pinterest
- b) Facebook, Youtube, Instagram, Flickr, Pinterest
- c) Facebook, Google+, Youtube, Instagram, Flickr

6.- Cal das seguintes non é unha finalidade do expurgo?:

- a) Manter a pertinencia da colección
- b) Aforrar custos no mantemento da colección
- c) Eliminar exemplares deteriorados, duplicados ou envellecidos

7.- Que afirmación sobre a CDU é correcta?

- a) Úsase para clasificar documentos moi xerais e específicos
- b) Non se usa para clasificar obras infantís
- c) Úsase para clasificar monografías

8.- As Bibliotecas Municipais de Redondela permiten que unha persoa saque libros co carné doutra?

- a) Non, nunca
- b) Só en caso de enfermidade ou ingreso hospitalario
- c) Si, cumprimentando un impreso de autorización

9.- No préstamo na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, cando un usuario é sancionado:

- a) A sanción xerada nunha biblioteca será efectiva para todas as bibliotecas da rede xestionadas polo programa Koha
- b) A sanción só será efectiva na biblioteca onde se realizou o préstamo
- c) A sanción só será efectiva nas bibliotecas onde se realizaron o préstamo e a devolución

10.- De acordo coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, é persoal eventual:

- a) As persoas que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realizan funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, retribuídas con cargo aos créditos orzamentarios consignados para este fin.
- b) As persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.



c) As persoas que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeadas para o desempeño de funcións propias do persoal funcionario de carreira.

11.- Que supón a acción de catalogar?

- a) Recoller información bibliográfica, de acordo a unhas normas.
- b) Dar información sobre un exemplar físico do documento existente na biblioteca en relación a un fondo.
- c) Todas as respostas anteriores son correctas

12.- Dispoñen as Bibliotecas Municipais de Redondela dun servizo de acceso a e-books infantís e xuvenís?

- a) Non.
- b) Si. A través dunha plataforma propia
- c) Si. A través da plataforma de préstamo Galicia-Le

13.- Que efemeride acaban de celebrar as Bibliotecas Municipais de Redondela no 2018?

- a) 10 anos da inauguración da biblioteca de Chapelá
- b) 50 anos da inauguración da Biblioteca P. M. Valle-Inclán de Redondela
- c) 50 anos da inauguración da Biblioteca P. M. Valle-Inclán de Redondela e 10 anos da mascota das bibliotecas de Redondela, Leolo

14.- As bibliotecas municipais de Redondela son de libre acceso porque:

- a) Están abertas a todo tipo de usuarios sen ningún tipo de discriminación
- b) Os materiais que se atopan nas súas salas ou espazos poden ser consultados sen a mediación do persoal da biblioteca
- c) Son gratuítas

15.- A duración dos préstamos das monografías nas Bibliotecas Municipais de Redondela:

- a) Será de 21 días prorrogables por única vez e por igual período
- b) Será de 7 días prorrogables por única vez e por igual período.
- c) Será dun mes prorrogable por única vez e por igual período

16.- Que é o OPAC?:

- a) Catálogo automatizado de acceso público, en liña, dos materiais dunha biblioteca
- b) Catálogo automatizado dos servizos en liña dunha biblioteca
- c) Catálogo automatizado dos préstamos dunha biblioteca

17.- O ISSN:

- a) Identifica ás publicacións electrónicas.
- b) Identifica ás monografías especializadas.
- c) Identifica ás publicacións seriadas

18.- Unha publicación periódica:

- a) É aquela que se edita, distribúe ou comunica de forma continuada cunha periodicidade establecida.
- b) É a que comunmente se coñece como periódico
- c) É aquela que publica máis de catro números ao ano



19.- O Fondo local:

- a) É o fondo da biblioteca que se sitúa nas súas propias dependencias
- b) É o fondo da biblioteca que se sitúa nas súas propias dependencias e ao que o usuario non pode acceder directamente
- c) É o fondo relacionado con temas da propia localidade.

20.- De acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, todos os municipios deben prestar os seguintes servizos:

- a) Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.
- b) Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- c) Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, prevención e extinción de incendios, instalacións deportivas de uso público e transporte colectivo urbano de viaxeiros.

21.- O acto de control polo que un documento incorpórase formalmente á colección denomínase:

- a) Adquisición
- b) Rexistro
- c) Proceso técnico

22.- De acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non é unha competencia do alcalde:

- a) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas
- b) Ditar bandos
- c) Dirixir o goberno e a administración municipal

23. Cantos libros pode levar en préstamo un usuario individual nas bibliotecas municipais de Redondela?:

- a) 2
- b) 3
- c) 5

24. O catálogo diferénciase da bibliografía en que:

- a) Indica a localización dos documentos na biblioteca
- b) Inclúe un resumo do contido intelectual dos documentos
- c) Dá a descrición bibliográfica dos documentos



PREGUNTAS DE RESERVA

1.- De acordo coa Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con que poboación os municipios deberán prestar o servizo de biblioteca pública?:

- a) Con 5.000 habitantes
- b) Superior a 5.000 habitantes
- c) Superior a 10.000 habitantes

2.- O formato estándar para libros dixitais creado polo International Digital Publishing Forum é:

- a) PDF
- b) EPub
- c) DRM

3.- Cal destas afirmacións sobre a asignación do ISBN aos libros electrónicos é a correcta?

- a) Un libro electrónico dispoñible en diferentes formatos de ficheiro debe levar o mesmo ISBN para todos os formatos
- b) Un libro electrónico non precisa de ISBN aínda que é recomendable asignalo
- c) Un libro electrónico dispoñible en diferentes formatos de ficheiro debe levar un ISBN diferente para cada formato



PREGUNTA	RESPOSTA
1	C
2	A
3	A
4	C
5	A
6	B
7	C
8	C
9	A
10	A
11	C
12	C
13	C
14	B
15	A
16	A
17	C
18	A
19	C
20	B
21	B
22	A
23	B
24	A
RESERVA	
1	B
2	B
3	C